



PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR UN/HA TRABALLADOR/RA SOCIAL (Bases publicadas por Resolución de Alcaldía núm. 551/2023 de 07.11.2023)

1. **No artigo 50, a Constitución Española de 1978 garante:**
 - a) Que todos os maiores disfruten dunha vivenda digna.
 - b) Que os cidadáns da terceira idade perciban unha pensión mínima.
 - c) **A suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade.**
 - d) Ningunha é correcta.

2. **Segundo o artigo 20 da Constitución, a liberdade de expresión e os demais dereitos que reconece:**
 - a) **Teñen o seu límite, no respecto, entre outros, á protección da xuventude e da infancia.**
 - b) Teñen o seu límite, no respecto, entre outros, á protección da infancia.
 - c) Teñen o seu límite, no respecto, entre outros, á protección da xuventude.
 - d) Non teñen máis límites que no respecto ás liberdades fundamentais do seu Título I.

3. **Se durante a instrución dun procedemento que non tivo publicidade se advirte a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectadas pola resolución que se dite**
 - a) **Comunicarase a estas persoas a tramitación do procedemento.**
 - b) Non se lles comunicará nada porque estarían fóra de prazo.
 - c) Non se lles comunicará nada porque a normativa sobre protección de datos de carácter persoal prohibe calquera comunicación.
 - d) Non se lles comunicará nada mentres non designen un representante.

4. **O silencio administrativo**
 - a) Ten sempre efecto desestimatorio.
 - b) Ten sempre efecto estimatorio.
 - c) Non produce ningún efecto.
 - d) **Todas as respostas son erróneas.**

5. **Nos concellos, ¿cal é órgano competente para ditar bandos?**
 - a) O Pleno.
 - b) O concelleiro delegado da área da que se trate.
 - c) **O alcalde.**
 - d) O alcalde, pero pode delegar esta atribución nun concelleiro.



6. **As persoas estranxeiras empadroadas en calquera concello de Galicia.**
 - a) **Poderán acceder ao sistema galego de servizos sociais de acordo co establecido na lexislación vixente e, de ser o caso, tratados e convenios internacionais que resulten de aplicación.**
 - b) Só poden acceder ao sistema galego de servizos sociais se son cidadáns da Unión Europea.
 - c) Só poden acceder ao sistema galego de servizos sociais se existe reciprocidade cos cidadáns españois no seu país de orixe.
 - d) Non poder acceder ao sistema galego de servizos sociais, agás en situacións de desamparo.

7. **Na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, ven recollido no seu artigo 66 que as entidades que terán consideración de Entidade Prestadora de Servizos Sociais son:**
 - a) A Administración Autonómica, as Entidades Locais e As Entidades de Iniciativa Social
 - b) A Administración Autonómica e As Entidades Locais.
 - c) **A Administración Autonómica, As Entidades Locais, As Entidades de Iniciativa Social e As Entidades de Iniciativa Mercantil.**
 - d) As Entidades Locais exclusivamente.

8. **O artigo 8 da Lei 13/2008, do 3 de Decembro de Servizos Sociais de Galicia regula a estrutura básica dos Servizos Sociais. O Sistema Galego de Servizos Sociais estrutúrase en forma de rede, conforme a dous niveis de actuación:**
 - a) Servizos Sociais, que comprenden a súa vez, dúas modalidades: Servizos Sociais Básicos e servizos Sociais Comunitarios, e b) Servizos específicos.
 - b) **Servizos Sociais Comunitarios que comprenden a súa vez dúas modalidades: Servizos Sociais Comunitarios Básicos e Servizos Sociais comunitarios Específicos, e b) Servizos Sociais especializados.**
 - c) a) Servizos Sociais que comprenden Servizos Sociais Básicos, b) Servizos Sociais Comunitarios
 - d) Servizos Sociais de Atención Primaria

9. **Teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais**
 - a) As rendas de inclusión social.
 - b) As axudas de emerxencia e necesidade social.
 - c) As prestacións económicas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
 - d) **Todas as respostas son correctas.**



10. As deputacións provinciais:

- a) Non teñen ningunha competencia, función o intervención en materia de servizos sociais.
- b) Proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.
- c) **Proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.**
- d) Proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de cinco mil habitantes.

11. Os beneficiarios da renda de inclusión social terán as seguintes obrigacións relativas á percepción regular da prestación económica, entre as cales se encontra:

- a) **Comunicar nun prazo de 5 días o acceso a un emprego.**
- b) Comunicar nun prazo de 10 días o acceso a un emprego.
- c) Comunicar nun prazo de 15 días o acceso a un emprego.
- d) Comunicar nun prazo de 30 días o acceso a un emprego.

12. As infraccións en materia de servizos sociais serán obxecto das sancións administrativas correspondentes

- a) Que serán impostas polos órganos competentes da Administración local, autonómica ou do Estado, en función da súa gradación.
- b) **Que serán impostas por los órganos competentes da Administración autonómica.**
- c) Que serán impostas por los órganos competentes da Administración local.
- d) Ningunha resposta é correcta.

13. A falta de limpeza ou de hixiene que comporte risco para as persoas usuarias

- a) Está cualificada como infracción leve.
- b) **Está cualificada como infracción grave.**
- c) Está cualificada como infracción moi grave, en todo caso.
- d) Se cualificará como infracción leve ou grave, respectivamente, dependendo de que a súa comisión provoque ou non danos ou prexuízos de difícil ou imposible reparación para as persoas usuarias de servizos sociais, ou cause un importante deterioro ou prexuízo social.

14. Segundo o artigo 22 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o servizo de teleasistencia:

- a) É, en todo caso, un servizo independente ao de axuda a domicilio.
- b) É, en todo caso, un servizo complementario ao de axuda a domicilio.



- c) **Pode ser un servizo independente ou complementario ao de axuda a domicilio.**
- d) Todas as repostas anteriores son falsas.
- 15. O grao de dependencia é revisable**
- a) Unicamente de oficio polas Administracións públicas competentes.
- b) Unicamente a instancia do interesado.
- c) **A instancia do interesado, dos seus representantes ou de oficio polas Administracións públicas competentes.**
- d) A instancia do interesado, dos seus representantes, de oficio polas Administracións públicas competentes ou polas entidades privadas que teñan a delegación, contratación ou concerto dos servizos.
- 16. A información e os documentos electrónicos que contén a historia social única serán conservados como mínimo durante**
- a) Un período de 3 anos desde a última actuación sobre a historia social única electrónica dunha persoa usuaria.
- b) Un período de 4 anos desde a última actuación sobre a historia social única electrónica dunha persoa usuaria.
- c) **Un período de 5 anos desde a última actuación sobre a historia social única electrónica dunha persoa usuaria.**
- d) O período que corresponda, segundo a Directiva de protección de datos de carácter persoal
- 17. Segundo o artigo 41 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, o persoal funcionario que desenvolva a súa actividade profesional nos servizos sociais, no exercicio das súas funcións á protección dos nenos, nenas e adolescentes,**
- a) Terá a condición de axente da autoridade e poderá solicitar no seu ámbito xeográfico correspondente a colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade, do Ministerio Fiscal, dos servizos sanitarios e de calquera servizo público que fose necesario para a súa intervención.
- b) **Terá a condición de axente da autoridade e poderá solicitar no seu ámbito xeográfico correspondente a colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade, dos servizos sanitarios e de calquera servizo público que fose necesario para a súa intervención.**
- c) Malia non ter a condición de axente da autoridade, poderá solicitar no seu ámbito xeográfico correspondente a colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade, do Ministerio Fiscal, dos servizos sanitarios e de calquera servizo público que fose necesario para a súa intervención.
- d) Ningunha resposta é correcta.
- 18. A renda de inclusión social de Galicia é unha prestación económica que**
- a) Non poderá ser obxecto de embargo o retención nin darse en garantía de obrigacións.
- b) Terá carácter alimenticio.
- c) Terá carácter persoal e non transmisible.



d) **Todas as respostas son correctas.**

19. A renda de inclusión social de Galicia

- a) Configúrase en tres tramos, denominados: tramo psicosocial, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.
- b) **Configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.**
- c) Configúrase en tres tramos, denominados: tramo transversal, tramo de inserción sociocultural e económico e tramo de transición ao emprego.
- d) Ningunha resposta é correcta.

20. Na instrución do procedemento para a concesión da renda de inserción social de Galicia, os informes que se requirirán para que os emitan os servizos sociais comunitarios do concello de residencia do solicitante,

- a) Son preceptivos.
- b) Son determinantes para a tramitación da solicitude.
- c) Non son vinculantes para a súa resolución.
- d) **Todas as respostas son correctas.**

21. Un dos requisitos para ter dereito á renda de inclusión social de Galicia é

- a) Estar empadroado no Concello no que se solicite polo menos durante os tres meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.
- b) Estar empadroado no Concello no que se solicite polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.
- c) **Estar empadroado en calquera dos Concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.**
- d) Estar empadroado en calquera dos Concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os tres meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.

22. O dereito ás prestacións da renda de inclusión social de Galicia extínguese, entre outras causas,

- a) **Polo traslado da residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que se teña establecido con este territorio un convenio de reciprocidade que o permita.**
- b) En todo caso, polo traslado da residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Polo traslado da residencia efectiva a outro concello, aínda que pertenza á Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Todas as respostas son falsas.

23. A Visita domiciliaria no Traballo Social, debe ser:

- a) Organizada, respondendo a obxectivos consensuados
- b) Con cita previa y sen consentimento explícito



- c) Coa seguridade de que as persoas comprenden que non se trata dunha intromisión nas súas vidas privadas.
- d) **As respostas a) e c) son correctas.**

24. O servizo de axuda no fogar unicamente atenderá:

- a) Persoas maiores
- b) Persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal.
- c) Persoas con discapacidade.
- d) **Todas son correctas.**

25. Enténdese por dependencia:

- a) A necesidade da persoa para xestionar os seus bens.
- b) Un estado momentáneo de saúde ou enfermidade.
- c) A a) e a b) son correctas.
- d) **O estado de carácter permanente na que se atopa a persoa por razóns de saúde, idade, discapacidade que necesita apoio doutra persoa para realizar actividades básicas da vida diaria.**

26. Toda notificación administrativa deberá ser cursada dentro do prazo de:

- a) 5 días a partir da data na que o acto foi ditado.
- b) **10 días a partir da data na que o acto foi ditado**
- c) 15 días a partir da data na que o acto foi ditado
- d) 20 días a partir da data na que o acto foi ditado

27. No eido do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas e da vida diaria.
- b) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.
- c) Preparación dos alimentos.
- d) **Todas son correctas**

28. ¿Ten capacidade de obrar ante as Administracións Públicas un menor de idade?

- a) Si, sempre que estea acompañado dos seus pais ou de quen ostente a súa representación
- b) Non, para actuar sempre deberá facelo quen ostente a súa patria potestade
- c) **Si, para o exercicio e defensa daqueles dereitos cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico sen a persoa que ostente a súa patria potestade**
- d) Non, en ningún caso

29. Os prazos fixados por días, segundo a Lei 39/2015:

- a) Enténdense hábiles cando o cómputo se inicia un día hábil



- b) Enténdense hábiles salvo que por lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo
- c) Enténdense hábiles incluíndo os sábados
- d) Son naturais salvo que expresamente se indique o seu carácter hábil

30. O prazo para a interposición do recurso de reposición se o acto foi expreso será:

a) En calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

- b) 1 mes
- c) 2 meses
- d) 3 meses

31. Segundo o art. 59 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a valoración técnica das situacións que determinen o recoñecemento do dereito aos servizos e ás prestacións esenciais de carácter material ou económico

- a) É competencia da Xunta de Galicia
- b) É competencia dos Concellos.
- c) É competencia do Estado.
- d) É competencia das Deputacións Provinciais.

32. O catálogo de servizos comprende servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia tales como:

- a) Servizo de axuda a domicilio.
- b) Servizo de teleasistencia.
- c) Servizo de centro de día.
- d) Todas son correctas.

33. A prestación económica de libranza vinculada ao servizo:

- a) Terá carácter semestral.
- b) Non é unha prestación periódica.
- c) Estará en todo caso, vinculada á adquisición dun servizo.
- d) Só se terá en conta o grao e o nivel de dependencia do beneficiario.

34. A historia social única electrónica se xestionará:

- a) Mediante SIUSS
- b) Se poderá acceder sempre desde o MATIASS.
- c) Mediante o sistema de información denominado HSUE.
- d) Todas son correctas.

35. A historia social única electrónica deberá conter:

- a) Unicamente os datos de saúde.



- b) Unicamente os datos económicos.
 - c) **A suficiente, adecuada, pertinente e necesaria para documentar o proceso de intervención social da persoa usuaria.**
 - d) Todo tipo de datos económicos, saúde, débedas e bens.
36. **Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e a súa financiamento, realizar a valoración e o diagnóstico social das demandas da cidadanía, ¿de que programa ou servizo dos Servizos Sociais comunitarios básicos é un contido?:**
- a) **Do Programa de Valoración, Orientación e Información**
 - b) Do Programa de Fomento da Cooperación e da Solidaridade social
 - c) De todos os Programas e Servizos dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos
 - d) Todas son incorrectas.
37. **Cal é a intensidade máxima para o Servizo de Axuda a Domicilio para unha persoa cunha situación de Dependencia en Grao III?**
- a) **70 horas**
 - b) 90 horas
 - c) 80 horas
 - d) 45 horas
38. **Unha persoa beneficiaria do Servizo de Axuda a Domicilio a través do Sistema da Dependencia, durante cuanto tempo pode solicitar a suspensión temporal doseu Servizo nun ano?**
- a) **Durante 2 meses**
 - b) Durante 6 meses
 - c) Durante 5 meses
 - d) Durante 12 meses
39. **A Entidade Local titular do Servizo de Axuda no Fogar, tanto seo presta en réxime de xestión directa como seo presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o caso a entidade prestadora en réxime privado do Servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se lle preste o Servizo, o cal contará, cando menos de:**
- a) **Un Informe Social, un proxecto de intervención, un plan de traballo e un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria**
 - b) Un Informe Social e un proxecto de intervención
 - c) Un Plan de Traballo e un Proxecto de Intervención
 - d) Un Informe Social e un acordo do Servizo asinado entre as partes implicadas
40. **Entre os tipos de Entrevista como instrumento do Traballo Social figuran:**
- a) Entrevista Informativa
 - b) Entrevista de Orientación
 - c) Entrevista de Soporte
 - d) **Todas as respostas son correctas**



PREGUNTAS DE RESERVA.

41. **¿Quen, dos seguintes, teñen a condición de interesados?**

- a) Os que non iniciaron o procedemento, aínda que teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte.
- b) Os que comparezan no procedemento en curso por ter intereses lexítimos que poden resultar afectados pola resolución.
- c) As asociacións representativas de intereses económicos aínda que sexan titulares de intereses lexítimos colectivos.
- d) **Todos os anteriores teñen a condición de interesados.**

42. **Segundo o art. 81 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non lle comunicar á autoridade xudicial ou administrativa competente, cando sexa esixible, o ingreso ou a saída dos centros de servizos sociais das persoas usuarias:**

- a) É unha infracción leve
- b) **É unha infracción grave**
- c) É unha infracción moi grave
- d) Non é constitutivo de infracción

43. **Contra a resolución dun recurso de reposición:**

- a) **non poderá interpoñerse de novo dito recurso**
- b) non poderá interpoñerse de novo dito recurso ata pasados 3 meses
- c) non poderá interpoñerse de novo dito recurso salvo que aparezan novos documentos de valor esencial para a resolución
- d) poderá interpoñerse de novo dito recurso ata en dúas ocasións máis

44. **O persoal que en virtude de nomeamento legal ocupa provisionalmente, por necesidade ou urxencia, postos de traballo vacantes que corresponden a prazas de funcionarios ou en substitución destes son:**

- a) Funcionarios de carreira
- b) **Funcionarios interinos**
- c) Funcionarios eventuais
- d) Persoal laboral temporal

45. **Os obxectivos do servizo de axuda a domicilio son:**

- a) Mellorar a calidade de vida dos usuarios.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu entorno.
- c) Mellorar e manter as relacións familiares e sociais.
- d) **Todas son correctas.**